

Os socialistas de Vilalba denuncian a ocultación reiterada do alcalde sobre a Relación de Postos de Trabajo do concello

En varias sesións plenarias demandaron ao rexedor información ao respecto e sempre obtiveron “a calada por resposta”; feito que motivou que recentemente solicitasen por escrito os informes que posúe a entidade local sobre este asunto, así como as facturas abonadas á empresa encargada da súa redacción

Lamentan que o Goberno local “malgastase” máis de 6.000 euros neste concepto, cando a Deputación de Lugo ofrece este servizo gratuíto aos concellos

“É moi triste, manifesta Elba Veleiro, que ao final do mandato, non teña aprendido nada en relación do que os cidadáns demandan e que aínda non resolverse os seus conflitos de relación institucional e administrativa coa Oposición. Continúa escudándose na súa maioría absoluta para eludir a rendición da súa xestión e amosando, unha vez máis, esa prepotencia e falta de respecto aos veciños e aos seus representantes electos”, subliña

VILALBA, 8 DE ABRIL DE 2015.-Os socialistas de Vilalba denuncian que o alcalde oculta información de xeito reiterado sobre o proceso de redacción da Relación de Postos de Trabajo (RPT), pois en varias sesións plenarias, os edís do PSOE teñen solicitado esta documentación, obtendo sempre “a calada por resposta”. É por este motivo polo que recentemente se viron na obriga de solicitar por escrito ao rexedor os informes que posúe a entidade local ao respecto, así como as facturas que, por un importe superior a 6.000 euros, se teñen abonado á unha empresa privada polos traballos de redacción deste documento técnico, destinado á ordenación do persoal dos distintos servizos do concello.

Neste senso, os socialistas denuncian que o Goberno local “malgaste” deste xeito os fondos públicos, pois consideran “que ben se poderían ter aforrado estes cartos, xa que a Deputación ofrece este servizo a custe cero para os concellos”. “É moi triste, manifesta Elba Veleiro, que ao final do mandato, o Goberno vilalbés non teña aprendido nada en relación do que os cidadáns demandan e que non teña resolto os seus conflitos de relación institucional e administrativa coa Oposición. Continúa escudándose na súa maioría absoluta para eludir a rendición de contas á sociedade vilalbesa da súa xestión durante estes catro anos e amosando, unha vez máis, esa prepotencia e falta de respecto aos veciños e aos seus representantes electos”, conclúe.

“Falta de vontade democrática”

Diante esta clara “falta de vontade democrática”, o grupo municipal do PSOE lémbrale a Criado que o artigo 105 da Constitución Española garante o dereito de acceso dos arquivos administrativos salvo nos casos de seguridade e defensa do Estado, así como aqueles que impliquen averigüación de delitos e a intimidade das persoas. “Resulta evidente que non estamos diante de ningún destes supostos, que non estamos diante de datos especialmente protexidos, polo que constatamos, unha vez máis, que o alcalde segue a usar ao seu antollo os procedementos e dereitos fundamentais de transparencia e acceso á información”, conclúe a alcaldable socialista.